

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Bruxa de Pías

Menciñeira desta parroquia do concello de Ponteares (Pontevedra). Século XX. Vivía nunha casa de planta baixa e tiña un corvo que andaba por enriba do tellado e polo cuarto, e que a auxiliaba nos seus ritos curativos. Botaba as cartas, facía curas e receiptaba menciñas elaboradas por ela. Segundo Victor Lis Quibén usaba como purgante o po de *jalapa*, e facía afumadoiros de ouro, incenso e mirra.

BIBLIOGRAFÍA

Aurora Marco (2007): Dicionario de mulleres galegas, Edicións A Nosa Terra, vigo.